



**Protocolo polo que se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020**

**1. Antecedentes**

**2. Marco normativo**

**3. Ámbito de aplicación e finalidade**

**4. Medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19**

**5. Mecanismos e garantías de adecuación de espazos**

**6. Fomento do voto por correo**

**7. Recomendacións dirixidas ás persoas vulnerables**

**8. Publicidade**

**9. Eficacia**



## 1. Antecedentes

Mediante o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, procedeuse á convocatoria de eleccións e fixouse o 5 de abril de 2020 como data de celebración.

Con posterioridade á convocatoria, a evolución do coronavirus COVID-19 determinou a necesidade de adopción de medidas desde varias instancias. Así, o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional.

Posteriormente, mediante a Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Por outra banda, polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A dita declaración afectou a todo o territorio nacional e a súa duración inicial fixouse en 15 días naturais (artigos 2 e 3), contados desde a data de publicación no *Boletín Oficial del Estado* do real decreto, aínda que neste se previu a posibilidade de prórroga do devandito período inicial.

Entre as medidas contidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, atopábase a limitación da liberdade de circulación das persoas, agás para as estritas finalidades previstas no seu artigo 7, así como a suspensión da apertura ao público dun abundante número de locais e establecementos.

Ante a incompatibilidade das medidas adoptadas co normal desenvolvemento do proceso electoral, oídos os grupos políticos máis representativos de Galicia e a Xunta Electoral de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta, mediante o Decreto 45/2020, do 18 de marzo (DOG núm. 54-BIS, do 18 de marzo), deixouse sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020.

O estado de alarma, previsto cunha duración inicial de quince días, foi obxecto de diversas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Non obstante, nas últimas semanas iniciouse un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Xunto ao anterior, ademais doutras medidas, o Real decreto 514/2020, do 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición derradeira primeira, modificou o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en dúas cuestións relacionadas co desenvolvemento de procesos electorais. Por unha banda, engadiuse un novo número 1 bis ao artigo 7 conforme o cal a vixencia do estado de alarma non



suporá obstáculo ningún ao desenvolvemento e á realización das actuacións electorais precisas para o desenvolvemento das eleccións convocadas a parlamentos de comunidades autónomas e, por outra banda, introduciuse unha nova disposición adicional sétima na cal se prevé que o Goberno, durante a vixencia do estado de alarma, disporá o oportuno para que o servizo público de Correos, os fedatarios públicos e demais servizos da súa responsabilidade coadxuven no mellor desenvolvemento e realización de eleccións convocadas a parlamentos de comunidades autónomas. A finalidade da introdución destas modificacións, como salienta expresamente a parte expositiva do Real decreto 514/2020, do 8 de maio, é a de facer posible a celebración de eleccións autonómicas.

Polo tanto, con posterioridade ao Decreto 45/2020, do 18 de marzo, o marco normativo regulador do estado de alarma variou, como consecuencia da evolución favorable da epidemia, cara a unha progresiva flexibilización das medidas restritivas inicialmente recollidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, á vez que cara a un recoñecemento expreso da compatibilidade do novo marco normativo co desenvolvemento de procesos electorais coas necesarias garantías.

Cómpre salientar, así mesmo, que os cambios no marco xurídico regulador do estado de alarma tamén teñen a súa incidencia no réxime derivado da declaración autonómica de situación de emerxencia sanitaria.

Neste sentido, o Consello da Xunta de Galicia, como órgano competente que declarou no seu día a situación de emerxencia sanitaria, adoptou o Acordo do 15 de maio de 2020 sobre o necesario entendemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria no marco xurídico derivado do estado de alarma (publicado mediante a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no DOG do 18 de maio). O acordo refírese a que, tras a declaración do estado de alarma, a declaración da situación de emerxencia sanitaria autonómica e as medidas adoptadas ao abeiro dela quedan necesariamente subsumidas no contexto xurídico e operativo derivado do estado de alarma. Así, entre outras cuestións, adóptase o seguinte acordo:

*“En virtude do disposto no artigo 7.1.bis do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 514/2020, do 8 de maio, conforme o cal a vixencia do estado de alarma non suporá obstáculo ningún ao desenvolvemento e á realización das actuacións electorais precisas para o desenvolvemento das eleccións convocadas a parlamentos de comunidades autónomas, así como das disposicións ditadas no marco do estado de alarma polo Goberno central e polas autoridades delegadas competentes e, en especial, polo Ministerio de Sanidade, como autoridade delegada competente na materia sanitaria, a situación de emerxencia sanitaria declarada polo Consello da Xunta de Galicia é compatible co desenvolvemento e a realización das actuacións electorais precisas para a celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia.”*

Está claro, non obstante, que o mantemento e a progresiva flexibilización das medidas que determinen un contexto favorable para o desenvolvemento dun proceso electoral con todas as garantías están intimamente ligados á evolución da epidemia; de aí que a opinión científica sexa tamén un elemento indispensable que cómpre ter en conta na decisión dunha nova convocatoria electoral. Neste sentido, os informes solicitados á dirección xeral competente en materia de saúde pública e a expertos independentes avalaron que se o desconfinamento se fai coa debida cautela



acompañada da observación das recomendacións xerais, especialmente de hixiene e distanciamento individual, as semanas que seguen ao momento en que finalizaría, de manterse a evolución favorable da epidemia, o período de transición á nova normalidade (última semana de xuño e primeiras semanas de xullo) a priori presentarían unha situación epidemiolóxica máis favorable, respecto de posibles rebrotes, que as semanas posteriores do verán e do outono.

Atendidas, pois, as circunstancias concorrentes, a opinión científica e o marco normativo vixente, e a prol do necesario equilibrio entre a protección da saúde e a efectividade do dereito de sufraxio, fundamento esencial dunha sociedade democrática, e unha vez oídos os partidos políticos, mediante o Decreto 72/2020, do 18 de maio, convocáronse as eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o 12 de xullo de 2020, por entenderse que esta é a decisión máis correcta e responsable ao darse na data elixida, ata onde resulta posible predicir neste momento, as necesarias condicións que permitan compatibilizar a protección da saúde pública co correcto exercicio do dereito de sufraxio.

No dito decreto precisouse, ademais, que para o efectivo equilibrio entre ambos os dereitos cómpre que os órganos competentes adopten as medidas que garantan a seguridade de todos os participantes no proceso electoral. En particular, deberanse observar as instrucións e os protocolos que aproben as autoridades sanitarias, co obxecto de minimizar os riscos de transmisión da enfermidade.

Neste sentido, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de maio de 2020, antes citado, determina no punto segundo da súa parte dispositiva que: *“No caso de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia, os órganos autonómicos competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da saúde durante o desenvolvemento do proceso electoral. Así mesmo, a Administración autonómica promoverá que as demais administracións e entidades con competencias no desenvolvemento do proceso electoral adopten medidas coa mesma finalidade e prestará a colaboración que, para estes efectos, resulte necesaria”*.

Por todo isto, o Consello da Xunta, como autoridade sanitaria, debe, no ámbito das súas competencias, programar adecuadamente os pasos que cómpre seguir nos distintos aspectos referidos ao desenvolvemento da xornada electoral e adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir a protección da saúde de todos os axentes intervinientes.

O obxectivo fundamental deste protocolo é que todas as actuacións vinculadas ao desenvolvemento da xornada electoral se realicen seguindo estritamente as recomendacións das autoridades sanitarias, establecendo as medidas preventivas que se deberán adoptar para tal fin e dándolles a necesaria publicidade que garanta o seu coñecemento.

O anterior enténdese sen prexuízo de que, tal e como se indica no Decreto 72/2020, do 18 de maio, tendo en conta que a convocatoria non pode permanecer allea á falta de certeza absoluta sobre a evolución futura da epidemia, se por razóns derivadas da protección do dereito á saúde fronte á epidemia se retorna a un marco incompatible co desenvolvemento do proceso electoral coas debidas garantías, e logo dos informes sanitarios e xurídicos oportunos, poida procederse, de forma motivada, a deixala sen efecto, suposto en que as medidas previstas neste protocolo quedarían, así mesmo, sen efecto.



## 2. Marco normativo

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 13 de marzo de 2020, aprobou o Acordo polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, establece no seu artigo 1 que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na mesma lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo 3 da mesma lei orgánica prevé tamén que, co fin de controlar as enfermidades transmisibles, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible.

Por outra banda, o artigo 24 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, prevé que as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde serán sometidas polos órganos competentes ás limitacións preventivas de carácter administrativo, de acordo coa normativa básica do Estado.

O artigo 26 da mesma Lei 14/1986, do 25 de abril, prevé a posibilidade de que as autoridades sanitarias poidan adoptar as medidas preventivas pertinentes cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. A duración das ditas medidas fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que exixa a situación de risco inminente e extraordinario que as xustificou.

Pola súa banda, os artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, prevén, así mesmo, a adopción de medidas por parte das autoridades sanitarias en situacións de risco para a saúde das persoas.

Na mesma liña, o artigo 34 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, inclúe, entre as intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes en caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde.

Tamén o artigo 38 da mesma lei prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril.

Por último, o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, atribúe a condición de autoridade sanitaria ao Consello da Xunta de Galicia.



### 3. Ámbito de aplicación e finalidade

Este protocolo será de aplicación aos distintos axentes intervenientes na planificación, organización e desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020. En particular, as previsións establecidas nel deberán ser tidas en conta, no ámbito das súas competencias, polas delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, os concellos e os distintos órganos da Administración autonómica implicados na organización do proceso electoral.

As medidas preventivas en materia de saúde pública establecidas nel deberán entenderse sen prexuízo e dentro do necesario respecto ás competencias da Administración electoral e ao establecido na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e na restante normativa aplicable ao proceso electoral.

En canto ao cumprimento das obrigas e recomendacións individuais, todos os participantes na xornada electoral deberán respectar as medidas incluídas neste protocolo. O incumprimento das medidas preventivas establecidas nel ou dos requirimentos, ordes ou instrucións ditados polas autoridades sanitarias poderá ser obxecto de sanción de acordo co establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O presente protocolo ten por finalidade o desenvolvemento da xornada nos termos previstos pola lexislación electoral, en compatibilidade co mantemento da saúde pública.

### 4. Medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19

Para organizar adecuadamente o desenvolvemento do proceso electoral que se vai celebrar o vindeiro 12 de xullo de 2020 co fin de evitar riscos para a saúde pública, establécense unha serie de medidas preventivas que se detallan a continuación e que se consideran necesarias para garantir a súa máxima protección.

Todas estas medidas se entenden sen prexuízo daquelas que poidan ser aplicadas polos órganos ou as autoridades competentes para complementar as aquí establecidas.

#### 4.1. RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL

Con carácter xeral, establécense as seguintes recomendacións e medidas:

- Recoméndase que as persoas electoras leven o voto xa preparado desde o domicilio.
- Debe evitarse a aglomeración de persoas á entrada e á saída dos locais electorais, mantendo, en todo caso, a distancia de seguridade.
- Debe organizarse a entrada das persoas votantes no local electoral de xeito que se respecte a distancia interpersoal recollida neste protocolo, controlando sempre o número de persoas votantes presentes no interior do local electoral co fin de garantir o cumprimento da distancia de seguridade.



- En particular, terán prioridade para a entrada as persoas votantes maiores de 65 anos ou con algunha discapacidade e as persoas que estas precisan para o seu auxilio.
- Debe organizarse, sempre que sexa posible, o percorrido de entrada e de saída no local electoral co fin de dirixir o fluxo de persoas que entran e saen e evitar o contacto entre elas.
- Deben manterse, sempre que resulte posible, as portas do local electoral abertas co fin de evitar a necesidade de manipular tiradores, pomos ou similares, pero evitando as correntes de aire.
- Deberá manterse o interior dos locais electorais o máis diáfanos posible, retirando todos os elementos ou mobles non indispensables para o acto da votación.
- En caso de locais electorais de acceso a través de escaleiras ou ascensor, desaconséllase a utilización do ascensor excepto para as persoas que pola súa diversidade funcional así o requiran. No uso das escaleiras evitárase o contacto cos pasamáns e, na medida do posible, manteranse as portas abertas con cuñas ou outros sistemas, para evitar o contacto das persoas cos tiradores, pomos ou similares.
- A distancia mínima interpersoal que se procurará manter, para os efectos deste protocolo, será de dous metros. De non ser factible, e sempre que se empreguen os equipamentos de protección previstos neste protocolo, deberase gardar en todo caso un metro, como mínimo, de distancia interpersoal.

## 4.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Sen prexuízo das medidas de protección colectiva e individual, deberanse adoptar as seguintes medidas e axustes organizativos coa finalidade de evitar o risco de coincidencia masiva de persoas:

- Disporase que só se permitirá o acceso da persoa votante ao colexio electoral, sen prexuízo de que poderá acudir acompañada se necesita o auxilio doutra persoa por razóns de disfuncionalidade.
- A permanencia das persoas votantes no local electoral será a indispensable para, se é o caso, a selección da papeleta e para efectuar a votación.
- Colocaranse carteis informativos nos locais electorais que conteñan as indicacións de seguridade que se deban observar e, entre elas, as relativas á correcta utilización de luvas e máscaras. Os carteis colocaranse en zonas visibles.
- Especificamente haberá carteis informativos e indicacións no chan, con marcas espazadas, das distancias mínimas que se deberán manter entre as persoas votantes presentes no local electoral e entre as persoas votantes e as integrantes da mesa electoral e as restantes persoas asistentes (interventores/as, apoderados/as e representantes da Administración). Os carteis e as marcas no chan deberán estar situados cada dous metros. Os carteis e as marcas limitaranse a dar a información precisa, sen incorporar logotipos institucionais ou doutra natureza.



- Procurarase manter a máxima distancia posible entre os membros das mesas electorais e as restantes persoas asistentes (interventores/as, apoderados/as e representantes da Administración).
- As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (en especial a Policía local e autonómica) presentes nos locais poderán controlar os accesos e colaborar co obxectivo de que se xestionen adecuadamente os fluxos de votantes co fin de garantir o cumprimento tanto da limitación de presenza no local electoral como da distancia de seguridade, sempre de acordo co establecido no artigo 92 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.
- Sen prexuízo do disposto no artigo 77 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, recoméndase que non coincidan simultaneamente máis dun/dunha apoderado/a do mesmo partido político en cada local electoral.  
De acordo co disposto no artigo 79.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, só poderán asistir á mesa electoral un/unha interventor/a de cada candidatura, sen prexuízo da súa posible substitución de acordo co expresado no artigo 79.3.

Os/As interventores/as que asistan ás mesas electorais procurarán manter as distancias mínimas de seguridade previstas neste protocolo e, en todo caso, deberán portar os equipamentos de protección necesarios (máscara e pantalla facial).

#### 4.3. MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

Como medidas de protección colectiva establécense as seguintes:

- Disporase de produtos de hixiene, tales como xeles hidroalcohólicos, que lles permitan a todas as persoas que accedan ao local electoral realizaren unha adecuada desinfección das mans.
- Respetaranse as distancias mínimas interpersoais de seguridade previstas neste protocolo entre todas as persoas presentes, tanto nos accesos como nas zonas de votación.
- Nas mesas de votación manteranse as distancias mínimas interpersoais de seguridade previstas neste protocolo entre a persoa votante e as persoas integrantes das mesas electorais, de acordo co disposto para esta cuestión no número 4.4.
- Intensifícaranse as actuacións de limpeza e desinfección do local electoral, tanto previamente como posteriormente ao desenvolvemento da xornada electoral. Estas actuacións serán financiadas pola Administración autonómica ata as cantidades máximas que estableza a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Ventilarse adecuadamente o local electoral previamente á xornada electoral e, na medida do posible, durante a dita xornada, evitando as correntes de aire.





## 4.4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Como medidas de protección individual establécense as seguintes:

- Tanto as persoas integrantes das mesas como o resto das persoas asistentes e as persoas votantes deberán extremar as medidas de hixiene respiratoria como, ao tusir, cubrir a boca cun pano dun só uso ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitarán tocar os ollos, o nariz ou a boca.
- Manterase unha adecuada e frecuente hixiene das mans como medida principal de prevención e control da infección. Para tal fin:
  - o As persoas integrantes das mesas electorais e o resto das persoas asistentes disporán de botes de xel hidroalcohólico para que poidan facer uso deles ao longo da xornada electoral, así como de luvas de plástico dun só uso para efectuar o recuento de votos.
  - o Á entrada dos locais electorais disporase de dispensadores de xel hidroalcohólico e será obriga das persoas votantes utilizalos, previamente á entrega do documento identificativo e do sobre de votación ao/á presidente/a da mesa.
  - o Nas entradas aos locais electorais disporase de luvas de plástico dun só uso, que deberán ser utilizados polas persoas con alerxia aos hidroxeles.
  - o Co fin de minimizar o intercambio de obxectos, existirá un dispositivo na mesa electoral (bandexa ou similar) onde o votante poida depositar o documento de identificación sen necesidade de manipulación polos membros da mesa electoral.
- A persoa votante deberá procurar manter a maior distancia posible coas demais persoas votantes, coas integrantes das mesas electorais -sempre que permita a súa correcta identificación- e co resto das persoas asistentes na mesa (interventores/as, apoderados/as e representantes da Administración), agás no momento concreto en que a persoa votante se achegue á mesa para efectuar o seu voto regulamentariamente que, en todo caso, deberá durar o menor tempo posible.
- Proporcionaranse 4 máscaras cirúrxicas a cada un dos membros das mesas electorais co fin de que as poidan renovar cada 4 horas. Ademais, proporcionarase a cada un deles unha pantalla facial.
- Dotaranse de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas todas as persoas votantes no momento de acceso ao local electoral, que se deberán utilizar obrigatoriamente (agás que a persoa votante xa acuda ao local electoral provista dunha máscara cirúrxica ou hixiénica propia) ou teñan contraindicación médica para o seu uso de acordo co disposto na Orde SND/422/2020, do 19 de maio, tales como discapacidade ou dificultade respiratoria.



## 5. Mecanismos e garantías de adecuación de espazos

### 5.1. CONDICIÓN DOS LOCAIS ELECTORAIS

En aplicación das distintas medidas referidas e no que afecta en concreto as condicións dos locais electorais, deberase cumprir o seguinte:

- Os locais electorais deberán permitir manter as distancias mínimas interpersoais de seguridade previstas neste protocolo nos accesos e no percorrido ata a zona de votación, tendo en conta a circulación das persoas que acceden ao local e as que o abandonan.
- Os locais electorais deberán permitir dispor das distancias mínimas interpersoais de seguridade previstas neste protocolo entre a persoa votante e as persoas integrantes das mesas electorais.
- Os locais electorais deberán permitir manter as distancias mínimas interpersoais de seguridade previstas neste protocolo entre as persoas integrantes das mesas electorais e o resto das persoas asistentes (interventores/as, apoderados/as e representantes da Administración).
- Os locais electorais deben permitir dispor a(s) cabina(s) de votación de forma que se garanta en todo caso a intimidade da persoa votante sen que se faga precisa a utilización de cortinas, permitindo o acceso a unha soa persoa á vez e procurando a utilización de vías diferentes para a entrada e para a saída desta, pero garantindo en todo caso a confidencialidade do voto.
- Os locais electorais deberán dispor das condicións necesarias para a súa ventilación antes e durante a xornada electoral.

### 5.2. GARANTÍA DAS MEDIDAS

Co fin de garantir a correcta preparación dos locais electorais, dotándoos das necesarias medidas de seguridade sanitaria conforme o previsto neste protocolo, a Administración autonómica proporcionará aos concellos o material necesario para a subministración de información e a sinalización.

Para tales efectos, as delegacións territoriais da Xunta de Galicia designarán 133 coordinadores/as encargados especificamente de colaborar na adopción das medidas preventivas establecidas neste protocolo dos locais electorais que se lles asignen, e que durante a xornada electoral farán roldas para colaboraren en tal adecuación en auxilio dos/as presidentes/as das mesas e nos momentos en que estes o soliciten ou autoricen.

Estes 133 coordinadores/as actuarán, no que ás medidas sanitarias se refire, baixo a dirección e supervisión técnica de sete técnicos responsables nomeados pola entidade colaboradora nas actividades preventivas designada pola Administración autonómica, e todos eles estarán sometidos á superior dirección da persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos



Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. En ningún caso terán atribucións relativas ao desenvolvemento do proceso electoral, actuando neste contorno baixo a autorización ou solicitude dos/as presidentes/a das mesas electorais.

A distribución de coordinadores/as por delegacións territoriais será a seguinte:

Delegación	Locais	Mesas	Coordinadores/as para a adecuación dos locais electorais
A CORUÑA	908	1.542	44
LUGO	407	538	27
OURENSE	419	542	23
PONTEVEDRA	455	713	27
VIGO	216	618	12
<b>TOTAL</b>	<b>2.405</b>	<b>3.953</b>	<b>133</b>

Pola súa parte, os concellos adecuarán os locais electorais ás medidas establecidas neste protocolo de acordo coa supervisión que, para este efecto, sexa efectuada pola Administración autonómica.

En concreto, observarase as seguintes instrucións:

- Na entrada e na saída do edificio, onde se atopa o local electoral, deberase manter en todo momento a distancia de seguridade establecida neste protocolo. Igualmente, manterase esta precaución nos tempos de descanso. Cando sexa posible, utilizaranse portas de entrada e saída independentes para evitar cruzamentos entre as persoas. Adoptarase o mesmo criterio para cando existan varias escaleiras e se poidan habilitar unhas de subida e outras de baixada.
- Ao entrar no local electoral deberase realizar unha adecuada hixiene das mans, empregando auga e xabón ou unha solución hidroalcohólica.
- Nas vías de circulación e nas escaleiras as persoas seguirán o mesmo sentido de circulación que os vehículos na calzada, polo que deberán circular polo lado dereito de un en un, o máis próximo posible ao extremo da vía de circulación ou das escaleiras, e mantendo a maior distancia posible.
- A limpeza e desinfección dos locais deberase realizar polo menos 3-4 veces ao longo da xornada electoral, nos momentos en que o autoricen os/as presidentes/as das mesas electorais, incidíndose nas superficies máis expostas (pomos das portas, pasamáns, mesas, cadeiras, cabinas de votación, aseos...), empregando un desinfectante como dilución de



lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera desinfectante autorizado con actividade virucida.

Para efectos de garantir o adecuado desenvolvemento da xornada electoral, a Administración autonómica financiará aquelas outras medidas en materia de saúde pública que se poidan implementar, coa finalidade de que se desempeñen as funcións de vixilancia necesarias para asegurar o seu cumprimento e sempre en auxilio dos/as presidentes/as das mesas.

## 6. Fomento do voto por correo

De conformidade co establecido nos artigos 72 e 73 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e no artigo 8 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, dentro da súa estratexia preventiva na materia de saúde pública a Administración autonómica fomentará o uso dos mecanismos establecidos para o voto por correo e a súa utilización con todas as garantías que aseguren a identidade de quen o solicita e exerce o dereito ao voto.

En particular, a Administración autonómica promoverá que as administracións competentes implicadas, para os efectos de coadxuvar no mellor desenvolvemento e realización das eleccións convocadas ao Parlamento de Galicia, adopten medidas ou disposicións que teñan por obxecto:

- Arbitrar sistemas que posibiliten que as persoas que presenten síntomas ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se encontren en período de corentena de acordo coas determinacións aprobadas polas autoridades sanitarias, poidan exercer o seu dereito de sufraxio activo sen acudir ao local electoral o día da votación.
- Establecer protocolos que faciliten o emprego deste sistema de votación para as persoas vulnerables e persoas maiores de 65 anos, mediante o desprazamento dos empregados públicos de Correos.
- Estudar e, de ser o caso, levar a cabo a implantación do sistema da videoconferencia como mecanismo legalmente válido para as actuacións notariais de autorización da solicitude do voto por correo mediante representante.
- Permitir a solicitude do voto por correo, vía telemática, mediante un certificado electrónico (ou sistema similar de acreditación), sempre que se garanta, sen ningunha dúbida, a identidade da persoa solicitante ou, subsidiariamente, se iso non for posible, que se habilite a posibilidade de que a solicitude de voto por correo sexa recollida no propio domicilio da persoa votante por medio de persoal de Correos.
- Ampliar os horarios das oficinas de Correos, actualmente con horario reducido debido ao COVID-19.



- Ampliar os prazos para o voto por correo.

## 7. Recomendacións dirixidas ás persoas vulnerables

Recoméndase que, a partir dos 65 anos, as persoas designadas no sorteo público como presidente/a e vogais manifesten a súa renuncia no prazo de 7 días establecido polo artigo 26.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Así mesmo, recoméndase que as persoas designadas como presidentes/as ou vogais que teñan algunha vulnerabilidade ao COVID-19, segundo as listaxes de patoloxías coñecidas que determinan esa vulnerabilidade, aleguen a existencia destas circunstancias, de forma xustificada e documentada, ante a xunta electoral competente, no prazo de 7 días establecido polo artigo 27.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

## 8. Publicidade

Ademais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, as medidas preventivas establecidas neste protocolo serán obxecto de difusión entre as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, as xuntas electorais provinciais, as xuntas electorais de Zona, os concellos e a cidadanía en xeral.

Así mesmo, empregaranse todos os medios precisos para dar a formación e información comprensiva de todas as obrigas e recomendacións que se establecen nel, para o seu xeral coñecemento, coa finalidade de garantir o desenvolvemento do proceso electoral en condicións de máxima seguridade.

## 9. Eficacia

As medidas establecidas neste protocolo terán efectos desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Este protocolo será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da situación sanitaria, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións procedentes das autoridades sanitarias. Especialmente, en caso de producirse unha variación nas circunstancias epidemiolóxicas da infección ou de rebrote da enfermidade, as autoridades competentes poderán adoptar as medidas oportunas ao respecto. Así mesmo, habilitase a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e de aplicación deste protocolo, así como as medidas complementarias que sexan precisas de acordo coas circunstancias.